



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

INSTITUTO DE ENSINO SECUNDARIO SAN CLEMENTE
Rúa San Clemente s/n. 15705 Santiago de Compostela
Teléfono: 0034 881 867 501 - Fax: 0034 881 867 538
www.ies Sanclemente.net - ies.sanclemente@edu.xunta.es



PLAN DE IGUALDADE 2019-2020

Obradoiro de Igualdade

IES San Clemente

Isabel López, Cristina Puga e Raquel Tarrío



A día de hoxe, os centros de ensino non só simplemente o espazo físico onde adquirimos unha serie de coñecementos, senón tamén un contexto no que adquirir valores e actitudes de respecto que axuden a harmonizar a convivencia nos propios centros e nas sociedades nas que vivimos. Neste sentido, o presente Plan de Igualdade busca achegar actitudes de igualdade á comunidade educativa do IES San Clemente e ideouse tendo en conta a peculiaridade do noso alumnado.

Dunha banda, no caso dos ciclos de informática que aquí se imparten, a meirande parte do alumnado son homes. Por tanto, consideramos que é importante visibilizar a figura da muller e promover actitudes de respecto nun ámbito como o da informática que na sociedade actual segue a ter principalmente unha presenza maioritaria masculina. Por outro lado, o centro conta cun importante número de alumnas e alumnos non presenciais, aos/ás que é tamén importante dirixirnos a través das oportunidades que nos ofrecen as TICs.

Coa idea de dinamizar o máximo posible este Obradoiro de Igualdade e que o alumnado non só reflexione sobre estas cuestións senón que tamén colabore na realización de diferentes produtos, solicitouse tamén a concesión de dous Plans Proxecta (“Por 365 días de respecto e igualdade” e “Donas de si”).

➤ **OBXECTIVOS**

Pretendemos comezar un proxecto baseado na igualdade e visibilización da muller, o cal persigue distintos obxectivos:

- ❑ **Sensibilizar** á comunidade educativa sobre a actual situación desfavorable da muller en distintos ámbitos.



- Dar pé á reflexión** e concienciar á comunidade educativa da necesidade da igualdade entre homes e mulleres, para lograr unha sociedade máis xusta e respectuosa.
- Promover a igualdade entre homes e mulleres para **evitar actitudes machistas e micromachismos, estereotipos, roles de xénero e cosificación** da muller.
- Presentar modelos de empoderamento** da muller e actitudes de sororidade.
- Mostrar** ao alumnado a **presenza da muller en calquera ámbito** (artístico, tecnolóxico, científico, etc.)
- Promover no noso alumnado valores encamiñados á **igualdade de oportunidades** entre homes e mulleres, así como á **conciliación** da vida familiar, persoal e laboral.
- Incentivar ás alumnas na procura de postos de traballo de responsabilidade, rompendo o **teito de cristal**.
- Previr a violencia** física, sexual, verbal e económica que se segue a exercer sobre as mulleres.
- Axudar ao alumnado a identificar **relacións tóxicas** dentro das relacións amorosas entre homes e mulleres.
- Empregar unha **linguaxe inclusiva** (tanto oral coma escrita), que teña en conta tanto a homes coma a mulleres, de xeito que estas sexan tamén visibilizadas e representadas.
- Facilitar ao profesorado distintas ferramentas e **recursos pedagóxicos** para traballar esta temática.
- Realizar un informe a modo de **avaliación** sobre a evolución das actividades previstas así como do grado de consecución dos obxectivos a acadar, incluíndo propostas de mellora para o curso 2020-2021.

➤ ORGANIZACIÓN

Os membros do Obradoiro de Igualdade formamos un equipo multidisciplinar, xunto con outros docentes colaboradores, que imparten clase en ESA, Bacharelato e FP. O noso labor vaise encamiñar principalmente por dúas vías, en función de se nos estamos a dirixir ao alumnado presencial ou a distancia.



Para chegar ao alumnado a distancia, crearase un blogue onde terán acceso a recursos e materiais relacionados con esta temática coa finalidade de sensibilizalos na igualdade. Tamén, nunha reunión inicial, se informou ás mestras e ós mestres dos obradoiros da ESA de distintos Concellos sobre este blogue onde terán acceso a recursos que poden traballar na aula. Estes recursos serán principalmente viñetas e pequenos textos que dean pé á reflexión individual e grupal sobre o patriarcado, estereotipos, roles de xénero, cosificación da muller, micromachismos, empoderamento, a situación actual da muller na nosa sociedade, etc. Entendemos que grande parte do alumnado ao que pretendemos chegar está nada ou pouco concienciado con isto (como reflexo da sociedade na que vivimos) e, polo tanto, partiremos dun nivel básico pero esencial, aludindo a situacións do día a día, loitando así para desterrar actitudes machistas da nosa sociedade.

De cara a traballar co alumnado presencial, prevense a súa participación en actividades que se desenvolverán ao longo do curso, especialmente en datas sinaladas como o Día Internacional para a Eliminación da Violencia de Xénero (25 de novembro) e o Día da Muller (8 de marzo). Estamos tamén pendentes da concesión dalgún dos dous Plans Proxecta que se solicitaron, o cal significaría a concesión de diferentes charlas, exposicións e materiais didácticos para traballar co alumnado de FP do noso centro, así como a implicación de máis profesorado para a elaboración de vídeos, apps e/ou outros recursos tecnolóxicos que teñen como eixo principal a temática da igualdade e a visibilización da muller.

➤ **AVALIACIÓN**

Ao finalizar o ano escolar realizarase unha avaliación dos obxectivos do proxecto en base a:

1. Actividades propostas, realizadas, incompletas e descartadas.
2. Visibilidade das actividades no centro educativo, redes sociais e medios de comunicación.
3. Repercusión das actividades.